

CAA no ámbito escolar

Silvia Andión García
Especialista en CAA asistida con tecnología



Módulo 1: CAA e Linguaxe Natural Asistida

Comezaremos facendo referencia á comunicación aumentativa e á evidencia científica que desmonta os mitos e barreiras que podemos atopar na súa implantación, para dar paso a un cambio de paradigma a través dos fundamentos da linguaxe natural asistida e as características dos SAAC que nos van permitir levala á práctica.

- Que é a CAA e os SAAC?
- Diferenzas entre apoios visuais e SAAC.
- Mitos e barrerías na CAA.
- Linguaxe Natural Asistida.
- Características dos comunicadores dinámicos robustos. (Softwares máis frecuentes)

Módulo 2: Proceso de selección do SAAC máis axeitado

Continuaremos cunha visión sobre o desenvolvemento da linguaxe a través da CAA e as funcións da comunicación, descubrindo as ferramentas específicas para a avaliación da competencia comunicativa de usuarios de SAAC e o establecemento dos obxectivos de intervención. Continuaremos coa selección do sistema máis axeitado en base a esa avaliación, o seu deseño e personalización ao usuario.

- Avaliación da competencia comunicativa en CAA.
- Obxectivos de intervención en CAA.
- Selección, deseño e personalización dun SAAC.

Módulo 3: CAA no ámbito escolar

Unha vez establecidas as bases teóricas, adentrarémonos na implantación dos comunicadores dinámicos dentro do ámbito escolar. Veremos a importancia da creación dun equipo de implantación que reflexe as funcións dos diferentes interlocutores que rodean ao alumnado usuario de CAA. Definiremos os diferentes niveis de intervención que atoparemos dentro do colexio e as estratexias de intervención que favorezan o aumento do input lingüístico ou modelado para unha correcta implementación do SAAC. Para finalizar, poremos especial énfase na ensinanza da alfabetización nos usuarios de sistemas de comunicación.

- Niveis de intervención no cole.
- Estratexias de intervención.
- Alfabetización e CAA.

Propostas de tarefas

- Personalización dun SAAC a un alumno ou alumna concreto. Partindo dun modelo base dos vistos dos diferentes softwares, realizarase a selección do vocabulario periférico para adaptar e personalizar o seu SAAC.
- Realización dun panel temático en baixa tecnoloxía. Pensado para facer paneis impresos para distintos espazos do centro (patio, aula de música, pavillón, aseos, etc.) reflexionando sobre o vocabulario máis axeitado.
- Establecer uns obxectivos de intervención en base a unha avaliación específica de CAA empregando algunha das ferramentas vistas.
- Propostas de actividades para favorecer a implicación de todo o grupo/aula no uso do SAAC.